

SERVIZO DE CIRURXÍA XERAL E DO APARELLO DIXESTIVO (CGD) DO CHUP

PRESENTACIÓN DO SERVIZO

O Servizo de Cirurxía Xeral e do Aparello Dixestivo (CGD) do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra (CHUP) traballa en estreita colaboración con outros servizos médicos e outros profesionais sanitarios da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés. A coordinación co persoal de enfermería e outros profesionais do hospital é esencial para o bo funcionamento do bloque cirúrxico, as consultas e a planta de hospitalización.

O núcleo central do Servizo de Cirurxía constitúeno os facultativos especialistas do servizo e o persoal de enfermería. A este núcleo engádense e intégranse periodicamente os médicos internos residentes (MIR) asignados segundo o organigrama de rotacións e sobre el artículanse os distintos elos do circuíto asistencial do servizo.

O Servizo de Cirurxía Xeral e do Aparello Dixestivo do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra ten como **FINALIDADE** achegarlle á poboación da súa cobertura unha asistencia hospitalaria e ambulatoria, especializada, integral, personalizada e de calidade na área de especialización que o compete.

A súa **MISIÓN** é prestar asistencia sanitaria global (consultas externas, urxencias, hospitalización e cirurxía maior ambulatoria) á poboación da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés con patoloxía cirúrxica da especialidade, incluída na carteira de servizos correspondente á especialidade de CGD nun hospital de nivel 2, así como a colaboración con atención primaria e outros servizos de atención especializada.

A asistencia nos seus aspectos diagnósticos, terapéuticos e de coidados ha de prestarse coa máxima eficacia e seguridade para o paciente, efectividade na asistencia e eficiencia na xestión dos recursos. Debe cumprir criterios de equidade e calidade total (calidade asistencial e calidade percibida), considerando os intereses dos pacientes como unha prioridade e facendo partícipes os pacientes das decisións que afectan a súa saúde.

A docencia universitaria e de posgrao, así como a formación continuada posgraduada, serán tamén fundamentais na misión do Servizo de CGD, así como o desenvolvemento de investigación clínica no ámbito da cirurxía xeral e dixestiva.

A **VISIÓN** do Servizo de Cirurxía Xeral e do Aparello Dixestivo é a de constituírse como unidade excelente no campo da **asistencia**, segundo criterios de eficiencia e calidade total, satisfacendo as necesidades e expectativas dos pacientes da forma máis segura posible; no da **investigación**, mediante a contribución ao desenvolvemento da cirurxía, e no da **docencia**, a través da formación de especialistas de cirurxía cunha sólida preparación. A actividade dirixida aos resultados, debe ter como **modelo** os mellores servizos cirúrxicos prestados no mundo e como obxectivo conseguir pertencer ao devandito grupo de excelencia.

A mellora continua require un especial esforzo para facilitar a formación continuada dos integrantes do Servizo de CGD e o investimento en novas tecnoloxías máis eficientes, que permitan aumentar a seguridade dos pacientes cirúrxicos, mellorar os resultados das intervencións cirúrxicas, reducir a morbilidade postoperatoria e aumentar a satisfacción dos pacientes.

ORGANIGRAMA DO SERVIZO DE CGD



PROFESIONAIS DO SERVIZO

Responsable do servizo	Dr. Alberto Parajó Calvo Xefe de Servizo
Persoal facultativo	Facultativos especialistas de área: 23 Médicos internos residentes: 5
Persoal de enfermería	Supervisoras: Elvira Martínez Torres, Remedios Palomares Vázquez
	Enfermeiras:
	Técnicos en coidados auxiliares de enfermería:

LOCALIZACIÓN E CONTACTO

Secretaría: Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra.

Hospital Montecelo, 5.ª planta

Teléfono: 986 800 116 - 986 800 054

Servizo CGD: cirurxia.pontevedra@sergas.es

CARTEIRA DE SERVIZOS

- ACREDITACIÓN GETECCU Á UNIDADE DE CIRURXÍA COLOPROCTOLÓXICA DENTRO DA UNIDADE MULTIDISCIPLINARIA DE ENFERMIDADE INFLAMATORIA INTESTINAL DO CHUP
- UNIDADE DE REFERENCIA NA APLICACIÓN DE CÉLULAS NAI EN FÍSTULAS DA ENFERMIDADE DE CROHN

Carteira de servizos do Servizo de Cirurxía Xeral e do Aparello Dixestivo.
Diagnósticos CIE-10-ES

Cap. 01 CERTAS ENFERMIDADES INFECCIOSAS E PARASITARIAS (A00-B99)

- [A00-A09](#) Enfermidades infecciosas intestinais
- [B90-B94](#) Secuelas de enfermidades infecciosas e parasitarias

Cap. 02 NEOPLASIAS (C00-D49)

- [C15-C26](#) Neoplasias malignas de órganos dixestivos
- [C43-C44](#) Melanoma e outras neoplasias malignas de pel
- [C45-C49](#) Neoplasias malignas de tecidos mesoteliales e tecidos brandos
- [C50](#) Neoplasias malignas de mama
- [C73-C75](#) Neoplasias malignas de tiroides e outras glándulas endócrinas
- [C7A](#) Tumores neuroendócrinos malignos
- [C7B](#) Tumores neuroendócrinos secundarios
- [C76-C80](#) Neoplasias malignas de localizacións mal definidas, outras localizacións secundarias e localizacións non especificadas
- [C81-C96](#) Neoplasias malignas de tecido linfoide, hemopoético e relacionados

- [D00-D09](#) Neoplasias *in situ*
- [D10-D36](#) Neoplasias benignas, excepto tumores benignos neuroendócrinos
- [D3A](#) Tumores benignos neuroendócrinos

Cap. 04 ENFERMIDADES ENDÓCRINAS, NUTRICIONAIS E METABÓLICAS (E00-E89)

- E00-E07 Trastornos de glándula tiroides
- E20-E35 Trastornos doutras glándulas endócrinas
- E36 Complicacións intraoperatorias do sistema endócrino
- E65-E68 Sobre peso, obesidade e outros tipos de hiperalimentación
- E89 Complicacións e trastornos endócrinos e metabólicos posprocedemento non clasificados baixo outro concepto

Cap. 10 ENFERMIDADES DO APARELLO RESPIRATORIO (J00-J99)

- J90 Derrame pleural, non clasificable baixo outro concepto
- J91 Derrame pleural en afeccións clasificables baixo outro concepto
- J93 Pneumotórax e escape de aire

Cap. 11 ENFERMIDADES DO APARELLO DIXESTIVO

- K00-K14 Enfermidades da cavidade oral e glándulas salivais
- K20-K31 Enfermidades do esófago, estómago e duodeno
- K35-K38 Enfermidades do apéndice
- K40-K46 Hernia
- K50-K52 Enterites e colites non infecciosas
- K55-K64 Outras enfermidades dos intestinos
- K65-K68 Enfermidades do peritoneo e retroperitoneo
- K70-K77 Enfermidades do fígado
- K80-K87 Enfermidades da vesícula biliar, vías biliares e páncreas
- K90-K95 Outras enfermidades do aparello dixestivo

Cap. 12 ENFERMIDADES DA PEL E DO TECIDO SUBCUTÁNEO (L00-L99)

- L00-L08 Infeccións da pel e do tecido subcutáneo
- L60-L75 Trastornos dos anexos cutáneos
- L76 Complicacións intraoperatorias e posprocedemento da pel e do tecido subcutáneo
- L80-L99 Outros trastornos da pel e do tecido subcutáneo

Cap. 13 ENFERMIDADES DO APARELLO MUSCULOESQUELÉTICO E DO TECIDO CONECTIVO (M00-M99)

- M60-M79 Trastornos de partes brandas
- M60-M63 Trastornos dos músculos
- M70-M79 Outros trastornos de partes brandas
- M95 Outros trastornos musculoesqueléticos e do tecido conectivo
- M96 Complicacións e trastornos intraoperatorios e posprocedemento do aparello musculoesquelético non clasificados baixo outro concepto

Cap. 14 ENFERMIDADES DO APARELLO XENITOURINARIO (N00-N99)

- N60-N65 Trastornos da mama
- N99 Complicacións e trastornos intraoperatorios e posprocedemento de aparello xenitourinario non clasificados baixo outro concepto

Cap. 18 SÍNTOMAS, SIGNOS E RESULTADOS ANORMAIS DE PROBAS COMPLEMENTARIAS NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRO CONCEPTO (R00-R99)

- R10-R19 Síntomas e signos que afectan ao aparello dixestivo e ao abdome (R10-R19)
- R20-R23 Síntomas e signos que afectan á pel e ao tecido celular subcutáneo (R20-R23)
- R50-R69 Síntomas e signos xerais (R50-R69)

- S10-S19 Traumatismos no pescozo
- S20-S29 Traumatismos no tórax
- S30-S39 Traumatismos no abdome, na parte inferior das costas, na columna lumbar, na pelve e nos xenitais externos
- T07 Traumatismos que afectan a múltiples rexións corporais
- T14 Traumatismo de rexión anatómica non especificada
- T15-T19 Efectos de corpo extraño que penetra a través de orificio natural
- T20-T32 Queimaduras e corrosións
- T20-T25 Queimaduras e corrosións da superficie externa do corpo, especificadas por localización
- T33-T34 Conxelación
- T79 Certas complicacións precoces de traumatismos
- T80-T88 Complicacións de atención cirúrxica e médica non clasificadas baixo outro concepto

Carteira de servizos do Servizo de Cirurxía Xeral e do Aparello Dixestivo. Procedementos CIE-10-ES.

- 0 Médico-cirúrxica
- 07 Sistemas linfático e hemático
- 07T Resección
- 0D Sistema gastrointestinal
- 0F Sistema hepatobiliar e páncreas
- 0G Sistema endócrino
- 0H Pel e mama
- 0J Tecido subcutáneo e fascia
- 0K Músculos
- 8 Outros procedementos
- X Nova tecnoloxía

ACTIVIDADE CIENTÍFICA

DOCENCIA E FORMACIÓN CONTINUADA

Os membros do Servizo de CGD realizaron cursos universitarios-másters e asistiron a diferentes cursos e congresos nacionais e internacionais de cirurxía xeral e do aparello dixestivo e das súas áreas de especialización. Están detalladas nas memorias específicas de cada unidade.

Ademais, é moi destacable a docencia impartida polo propio servizo e coa participación dos propios membros do Staff do servizo como profesores en distintas actividades de formación continuada e innovación, a que asistiron outros facultativos do propio servizo ou doutros hospitais do resto de Galicia, España e Portugal, segundo os cursos:

- XORNADA DE CIRURXÍA COLOPROCTOLÓXICA EN DIRECTO: FÍSTULA PERIANAL. 28 de marzo 2019. Hospital Montecelo.
- CURSO DE CIRURXÍA TRANSANAL MINIMAMENTE INVASIVA: TaTME e TAMIS. 25 e 26 abril 2019. Hospital Montecelo.
- CURSO MET INCONTINENCIA ANAL-PATOLOXÍA SOLO PÉLVICO. 25 e 26 xuño 2019. Sede Hospital Montecelo.
- XX CURSO DE PROCTOLOGÍA para residentes de 3.º e 4.º ano, da ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE CIRUJANOS. Do 3 ao 5 de xuño de 2019.
- CURSO DE SUTURAS EN CIRURXÍA LAPAROSCÓPICA: constou de tres actividades docentes teórico-prácticas:
 - 30 XANEIRO 2019: Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra (aulas 1 e 3 da Unidade de Docencia). Curso experimental con modelos sintéticos e veterinarios.

- 27 OUTUBRO 2019: Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra (aulas 1 e 3 da Unidade de Docencia). Curso experimental con modelos sintéticos e veterinarios.
- 28 NOVEMBRO 2019: Centro Tecnolóxico de Formación (CTF). A Coruña. Cirurxía experimental en modelo porcino.

PARTICIPACIÓN EN CONGRESOS E REUNIÓN CIENTÍFICAS

- XIII SPCMIN Virtual Congress, 23-24 October 2020.
- AECP AO VIVO. Xornadas de Outono da AECP. 29 setembro-1 outubro 2020. Autor: Dr. Parajó.
- SPRING COLORRECTAL MEETING. Braga:
Evaluation of the Nutritional Status of patients submitted to colorrectal cancer surgery. Autora: Dra. Barreiro.
Anastomose coloanal manual (vídeo). Autor: Dr. Parajó.
- WINTER COLORRECTAL MEETING. Braga:
Acute diverticulitis: Surgery in stage IV. Autor: Dr. Parajó.
- AEC. Sección de Coloproctología. Sesión Virtual 1: Proctología 1. 28-5 2020. Autor: Dr. Parajó.
- XXIII REUNIÓN NACIONAL DE LA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE COLOPROCTOLOGÍA. Valladolid:
Dirección do Curso de Coloproctología en Atención Primaria da AECP e relatorio 'Dolor anal'. Autor: Dr. Parajó.
Tratamiento de las fístulas recto-uretrales e recto-vaginales. Autor: Dr. Parajó.
Evaluation del estado nutricional de los pacientes sometidos a cirugía colorrectal. Autora: Dra. Barreiro.
Derivación de pacientes desde atención primaria a las unidades de coloproctología de Galicia: características clínicas y correlación diagnóstica. Autores: Dra. Vázquez, Dr. Parajó.
- XXVII JORNADAS INTERNACIONALES DE COLOPROCTOLOGÍA. Baiona:
Moderación de mesa e relatorio 'Colpo-rectosacropexia ventral laparoscópica'. Autor: Dr. Parajó.
- IX CURSO DE ACTUALIZACIÓN EN CIRURÍA DE COLON Y RECTO. Santander:
Fístula recto-vaginal e rectouretral: abordaje endovaginal y endoanal e interposición de Permacol. Autor: Dr. Parajó.
Colpo-rectosacropexia ventral laparoscópica. Autor: Dr. Parajó.
- VIII JORNADA PROVINCIAL DE CROHN Y COLITIS ULCEROSA PARA PACIENTES, CUIDADORES Y PROFESIONALES:
La cirurxga en la EII. Autora: Dra. Barreiro.
- LXIII REUNIÓN DE LA SOCIGA:
TATME, ¿cuál es la evidencia? Autor: Dr. Seoane.
Preservación esfinteriana: ¿Cómo y cuáles son los límites? Autor: Dr. Parajó.
Importancia de la anemia ferropénica y del soporte nutricional perioperatorio en la rehabilitación multimodal. Autora: Dra. Carrera.
- REUNIÓN ÁREA SANITARIA DE LUGO, CERVO E MONFORTE: MANEXO DO CANCRO COLO-RECTAL:
Conferencia: Cáncer de recto: pasado, presente y futuro. Autor: Dr. Parajó.
- CURSO DE ACTUALIZACIÓN EN CIRURÍA ESOFAGOGÁSTRICA (CHUAC, xuño 2019).
Codirectora/profesora: Dra. Eshter Mariño Padín.
- XXXIII JORNADAS DE ACTUALIZACIÓN EN CIRURÍA (Sevilla, febreiro 2019). Moderadora: Dra. Esther Mariño Padín.
- REUNIÓN NACIONAL DE LA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE CIRUJANOS. (Santander, novembro 2019). Moderadora: Dra. Esther Mariño Padín.
- XXI CONGRESO SECO (Madrid, abril 2019). Moderadora: Dra. Esther Mariño Padín.

PUBLICACIONES

- **Impacto de la terapia con inmunonutrición oral perioperatoria en pacientes sometidos a cirugía por cáncer colorrectal.**
Autor: Barreiro E.
Revista Nutrición Hospitalaria 2019; 36: 999-1234.
- **Bypass gástrico con preservación de Nissen laparoscópico, una opción para pacientes con obesidad mórbida intervenidos previamente de reflujo gastroesofágico.**
Autores: García-Val T, Brox A, Mariño E, Vázquez I, Pérez-Corbal L, Parajó A.
Bariátrica & Metabólica Ibero-Americana (2020) 10.1.11: 2761-2763.

- **President's Report of the Spanish Society of Coloproctology (AECp).** Autores: da Portilla F, Parajó A, Jiménez-Rodríguez R, García-Armengol J. Colorrectal Dis 2020;22(5):486-487.
- **Manual GGCP de proctología para atención primaria.** ISBN 978-84-09-12526-5. Dr. Parajó: editor e autor do capítulo "**Abscesos y fístulas perianales**". Dr. Seoane: autor do capítulo "**Hemorragia dixestiva baixa**".

PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN

O Servizo de CGD participa nos seguintes proxectos de investigación:

- Programa Nacional POWER AUDIT (Postoperative Outcomes Within an Enhanced Recovery After Surgery protocol).
- Estudo multicéntrico: Rexistro Nacional de Gastrectomía Vertical.
- Estudo das lesións esofagogástricas en candidatos a cirurxía bariátrica.
- Eficacia do protocolo de perda de peso preoperatorio en cirurxía bariátrica: influencia do balón intragástrico.
- Estudo de custo-efectividade do *screening* de atelectasia na cirurxía abdominal.
- Estudo custo-eficiencia da cirurxía bariátrica en España.
- Estudo TIMES 'TIMing Evaluation of Stoma Closure'. **Cierre precoz vs. tardío de estoma derivativo tras cirugía de cáncer de recto.** Ensaio clínico prospectivo, aleatorizado, multicéntrico.
- Estudo ADMIRE-II, aplicación de células nai en fístulas perianales de enfermidade de Crohn.
- Estudo sobre a implementación dos programas de recuperación intensificada en cirurxía (GERM).

PERTENZA A XUNTAS DIRECTIVAS DE SOCIEDADES CIENTÍFICAS

- Secretaría xeral da Asociación Española de Coloproctología. Alberto Parajó.
- Vogalía da Sociedade de Cirurxía de Galicia. Susana Diz.
- Coordinador do Grupo Galego de Coloproctoloxía. Alberto Parajó.
- Vogalía do Grupo Galego de Coloproctoloxía. Erica Barreiro e Alexandra Piñeiro.
- Vogalía da Sociedad Española de Cirugía de la Obesidad. Esther Mariño Padín.

LIGAZÓNS RELACIONADAS

[Sociedade de Cirurxía de Galicia](#)

[Grupo Galego de Coloproctoloxía](#)

[Asociación Española de Cirurxiáns](#)

[Asociación Española de Coloproctoloxía](#)

[Sociedade Española de Obesidade](#)

[European Society of Coloproctology](#)